

Comeza os seus estudos musicais na Escola municipal de música de Sarria no ano 1994 pasando logo polos conservatorios de Santiago de Compostela (1996-98), Lugo (1998-99) e A Coruña (1999-2004), graduándose no Sweelinck Conservatorium van Amsterdam no ano 2007 cos mestres Jan Pustjens, Gustavo Gimeno, Lorenzo Ferrándiz, Victor Oskam, Nick Woud e Peter Prommel.

No ano 2000 entra a formar parte da Xove Orquestra Sinfónica de Galicia como alumno activo ata o 2003, onde participará en diversos proxectos de música sinfónica e de cámara con solistas e directores coma Victor Pablo Pérez, James Ross, Alberto Zedda, Michael Gilbert ou Monserrat Caballé entre outros ademáis de recibir clases dos membros da OSG con regularidade.

Ten asistido a cursiños e clases maxistras con Steve Shick, Momoko Kamiya, Christopher Lamb, Arthur Lipner, Miquel Bernat, Nancy Zelstman, Ali N'Diaye Rose, Juanjo Guillem, Bogdan Bakanu, ...

Colaborou con diversas orquestas entre as que cabe destacar a OSG, a Heemsteeds Philharmonisch Orkest ou a Holland Baroque Society.

Como mestre traballou na Escola municipal de Música de Oleiros (2001), na Escola municipal de Música de Sarria (2000-04) e no Centro autorizado de Música Fingoi (dende o 2007).

Paralelamente á súa labor como músico e docente ten creado a música para a exposición “Ora et Debora” do artista Rubén Grilo, a curtametraxe “*Estudio sobre el tiempo en tres movimientos*” de Rubén Grilo/Rosa Marí Bernabeu/Joan Pons, “*Toda la puta verdad*” de Rubén Grilo para *Processos Oberts 4*, e *17 capítulos da serie de animación “Contos do Camiño” da productora audiovisual e editora infantil OQO.*